

PAPAGAIO

Poemas de LUÍSA VILLALTA

Fotografías de MARIBEL LONGUEIRA

Limiares de EVA VEIGA e FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL

Encadernación rústica con lapelas. 22 x 22 cm. 112 páx. 22 €
ISBN 978-84-1343-313-4. Arte.

...O Papagaio mudo, caído entre as flores das meias verdades

tinxía de cores charramangueiras

os dous lados do simulacro.

Os anos cincuenta de calquer século:

unha porta verde na cronoloxía repintada,

unha vez tras outra, da esperanza...

«Papagaio», unha das obras máis auténticas, críticas e con maior compromiso feminista de Luísa Villalta, volve ás librarías nunha edición renovada na que os versos da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2024 acompañan as fotografías da artista plástica Maribel Longueira.

A orixe de «Papagaio» remóntase ao ano 2001, cando este barrio coruñés no que se exercía a prostitución foi derrubado por intereses especulativos. Durante o proceso de demolición, Maribel Longueira captou coa súa cámara analóxica o traballo das máquinas, o estado ruinoso dos edificios e algúns dos obxectos que quedaron entre os cascallos. Publicado por primeira vez en 2006, este libro recolle unha pequena selección dos centos de imaxes que documentan a desaparición daquel histórico enclave, ás que Luísa Villalta deu voz a través de 19 poemas precedidos dunha pastorela de Don Denís, do século XIV.

Son composicións nas que se amosa reivindicativa, directa e rotunda fronte ao sistema depredador, mais tamén solidariedade coas mulleres que habitaron aquelas rúas, vítimas da violencia patriarcal, do estigma e da hipocrisía social. A ollada lírica de Luísa Villalta tamén denuncia o abuso, o oprobio e a deshumanización que sufriron as protagonistas deste drama, uns fíos que “se confunden significativamente cos relativos á ditadura franquista e ao seu envoltorio nacionalcatólico”, como apunta Eva Veiga nun extraordinario prólogo elaborado para esta nova edición.

«Papagaio» foi unha sorte de testamento literario de Luísa Villalta e, como sinala Francisco Xosé Fernández Naval no texto introdutorio escrito hai dúas décadas para esta obra, forma unha “unidade” xunto con «Ruído» e «En concreto», coa cidade herculina como trasfondo.



- **Temática:** poemas e fotografías dedicados á desaparición do antigo barrio coruñés do Papagaio.
- **Idade recomendada:** público adulto.
- **Aspectos destacables:** poesía, fotografía, arte; dereitos das mulleres, feminismo, patriarcado; memoria, cidade, especulación inmobiliaria, transformación urbana; da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024.
- **Avance del libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/papagaio-g>

Luísa Villalta

(A Coruña, 1957 - 2004)

Autora dramática, ensaísta, narradora e poeta. Licenciada en Filoloxía Hispánica e Galego-Portuguesa. Titulada superior en violino, participou como intérprete no grupo Escanio, na Xove Orquestra de Galicia e na Orquestra de Santiago de Compostela. Exerceu a docencia en lingua e literatura galegas. A súa obra literaria está profundamente vinculada á música. Como poeta publicou *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *En concreto* (2004) e o libro póstumo *Papagaio* (2006). Galiza e a humanidade son as grandes protagonistas na poesía de Luísa Villalta. A Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2024.

Maribel Longueira

(A Coruña, 1951)

Fotógrafa. Licenciada en Historia da Arte Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. Cursos de doutoramento sobre patrimonio e fotografía na UNED. Dende 1972 colabora en actividades de interese artístico -cine, teatro, cerámica, pintura- e céntrase na fotografía dende 1993. Publicacións fotográficas: *Alguén agarda que volva alí*, *O mundo da pesca na literatura galega*, *Unha viaxe á procura do solpor*, *Muros: ronsel de pedra*, *espiral de mar*, *Mar de Lira*, *Homenaxe a Ánxel Casal*, *Papagaio*, *Entremiradas I: Galicia-Bos Aires*, *Entremiradas II: Galicia-Cuba* e *As crebas: outro xeito de andar ao mar*.